

## CIENCIAS SOCIAIS.

A tarefa proposta para esta semana, consiste en que leades un pouco como vivían os homes da etapa máis antiga da humanidade, o Paleolítico. Se podedes intentade pensar ou facer as dúas actividades propostas.

### As etapas da prehistoria.

As tres principais partes ou etapas da prehistoria son: **o paleolítico, o neolítico e a idade dos metais.**

**Paleolítico:** Nesta etapa os primeiros seres humanos cazaban animais e recollían froitos do bosque. Podían vivir ao aire libre, pero tamén en cabanas e en covas. Eran nómadas, é dicir, íanse trasladando a distintos lugares onde vivir.



### Como era a vida dos seres humanos durante o paleolítico?

Recordas que durante o paleolítico os seres humanos cazaban? Pero para cazar necesitaban utilizar ferramentas e eles mesmos eran capaces de fabricalas.

Como fabricaban as armas necesarias para cazar? Pois utilizaban pedras que golpeaban contra outras pedras.



E que ferramentas podían fabricar para cazar?

Imos velo:

**Raspadores:** Estas ferramentas servían para que o ser humano puidese utilizar as peles de animais para cubrirse cando facía frío e fabricarse roupa.



**Agullas:** Grazas ás primeiras agullas inventadas o ser humano podía coser as peles para así crear pezas de roupa.



**Puntas de flecha:** Con estas puntas podían cazar animais, como mamuts, cervos ou bisontes.



**Coitelos:** O ser humano do paleolítico fabricaba coitelos para poder cortar a carne e as peles dos animais.



**Arpóns:** Estas ferramentas servían para pescar, xa que o ser humano da prehistoria tamén se alimentaba de peces.



### **A arte durante o paleolítico.**

Gústache debuxar? Pois aos nosos antepasados máis antigos tamén lles gustaba, por iso debuxaban pinturas nas paredes das covas. Estes debuxos coñécense como **pinturas rupestres** e neles o ser humano mais que cazaba. Pero sabes que eles tamén crían na maxia?



Algúns expertos creen que os seres humanos prehistóricos pintaban animais nas paredes porque crían que ao facelo terían máis sorte ao saír de caza.

Pero a arte dos nosos antepasados non acaba aquí, poderíamos considerar que eran uns verdadeiros artistas, pois tamén facían esculturas con pedra. Como eran estas esculturas? Trátase de pequenas figuras que generalmente representaban mulleres, xa que obviamente para os nosos antepasados o embarazo dunha muller era moi importante, si non, como seguirían os seres humanos evolucionando? Chámanse **Venus**.



### **No paleolítico inventouse o lume.**

Durante o paleolítico o ser humano descubriu o lume e isto foi moi importante, ata cambiaron a súa forma de vivir, xa que podían empezar a facer cousas pola noite pois tiñan unha boa alimentación.



Ademais, o lume permitía cociñar a carne, desta forma, os nosos antepasados podían alimentarse mellor e tamén estar protexidos fronte a outros animais que podían presentar unha ameaza.

## ACTIVIDADES.

### Os primeiros seres humanos

**Risca a opción incorrecta.**

No Paleolítico os seres humanos vivían en **ciudades amuralladas/covas** que decoraban con **flores/pinturas** ou pequenos poboados preto dos **montes/ríos**. Eran **nómades/sedentarios**, vestíanse con **la/peles** e usaban o lume.

**Escribe dous exemplos de utensilios que elaboraban.**

---

---

---